

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

**5590** *Real decreto 335/2014, do 9 de maio, polo que se modifica o Regulamento da Xunta Arbitral prevista no Concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, aprobado polo Real decreto 1760/2007, do 28 de decembro.*

As institucións competentes dos territorios históricos do País Vasco poderán manter, establecer e regular, dentro do seu territorio, o seu réxime tributario de acordo co sistema tradicional de concerto económico, no marco da disposición adicional primeira da Constitución española, que ampara e respecta os dereitos históricos dos territorios forais, e do artigo 41 da Lei orgánica 3/1979, do 18 de decembro, do Estatuto de autonomía para o País Vasco.

O vixente concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, que foi aprobado pola Lei 12/2002, do 23 de maio, utiliza o concepto do «punto de conexión» para determinar cando a exacción dun tributo corresponde ás institucións competentes dos territorios históricos e cando ao Estado.

O capítulo III, sección 3.<sup>a</sup>, do concerto prevé a existencia dunha xunta arbitral, que ten como obxecto resolver as discrepancias e os conflitos entre a Administración xeral do Estado e as institucións competentes do País Vasco ou entre estas últimas e outra comunidade autónoma sobre a aplicación dos puntos de conexión dos tributos concertados, a interpretación e aplicación do concerto a casos concretos ou respecto á domiciliación de contribuíntes.

O Regulamento da Xunta Arbitral aprobouse mediante o Real decreto 1760/2007, do 28 de decembro, en desenvolvemento dos artigos 65, 66 e 67 do concerto económico, tendo sido previamente acordado o seu texto pola Comisión Mixta de Concerto Económico do 30 de xullo de 2007, segundo dispón o artigo 62.d) do concerto.

Na Comisión Mixta do Concerto Económico 1/2014, do 16 de xaneiro, acordáronse algunhas modificacións do Regulamento da Xunta, que teñen fundamentalmente carácter técnico e derivan da nova redacción dos artigos 43, 65 e 66 do concerto adoptada nesa mesma sesión.

Así, por un lado, adáptase o regulamento á supresión da prohibición de renovar os árbitros, introducida no artigo 65 do concerto, e prevese expresamente no regulamento a posibilidade de renovación. Ademais, na modificación regulamentaria prevese a prórroga automática por un ano deste cargo en caso de falta de acordo sobre a súa renovación ou nomeamento de novos árbitros.

Así mesmo, a ampliación do prazo de tramitación dos procedementos de cambio de domicilio previsto no artigo 43 do concerto de dous a catro meses obriga a actualizar as referencias a este prazo contidas no Regulamento da Xunta Arbitral. Tamén se amplía de dous a catro meses o prazo para que unha das dúas administracións asuma a competencia nos conflitos negativos a que se refire o artigo 13.3.

Por último, actualízanse as referencias do regulamento aos órganos tanto da Administración xeral do Estado como da Comunidade Autónoma do País Vasco que modificaron a súa denominación.

En consecuencia, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de maio de 2014,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento da Xunta Arbitral prevista no concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, aprobado polo Real decreto 1760/2007, do 28 de decembro.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento da Xunta Arbitral prevista no concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, aprobado polo Real decreto 1760/2007, do 28 de decembro:

Un. Modifícase o artigo 5, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 5. *Nomeamento, cesamento e retribución dos árbitros.*

1. O nomeamento dos árbitros, nos cales deberá concorrer a condición de experto de recoñecido prestixio con máis de quince anos de exercicio profesional en materia tributaria ou de facenda, será acordado pola Comisión Mixta do Concerto Económico a que se refire a sección 1.<sup>a</sup> do capítulo III do concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco.

O nomeamento dos árbitros deberá ser publicado no «Boletín Oficial del País Vasco» e no «Boletín Oficial del Estado» e a súa formalización corresponderá ao ministro de Facenda e Administracións Públicas e ao conselleiro de Facenda e Finanzas.

2. Os árbitros serán nomeados para un período de seis anos, sen prexuízo da súa posible renovación por períodos sucesivos de igual duración.

En caso de se producir unha vacante, será cuberta polo mesmo procedemento de nomeamento. O novo árbitro será nomeado polo período de mandato que lle restaba a aquel que substitúe.

De se cumprir o prazo de seis anos sen se alcanzar un acordo entre ambas as administracións para o nomeamento de novos árbitros ou a renovación dos existentes, o seu mandato entenderase prorrogado, como máximo, por un ano.

3. Os árbitros cesarán no seu cargo por petición propia e polas causas legalmente establecidas.

O cesamento dos árbitros publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e no «Boletín Oficial del País Vasco».

4. Con iguais requisitos exixidos aos árbitros e polo mesmo procedemento nomearanse árbitros suplentes. Estes só poderán actuar nos supostos de ausencia ou enfermidade, así como cando concorra nalgún árbitro unha causa de abstención das legalmente previstas e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada.

5. As retribucións dos árbitros serán fixadas por acordo entre o ministro de Facenda e Administracións Públicas e o conselleiro de Facenda e Finanzas.»

Dous. Modifícase o artigo 7, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 7. *O secretario da Xunta Arbitral.*

1. A Xunta Arbitral terá un secretario, que non poderá ser membro dela, no cal deberá concorrer a condición de persoa ao servizo da Administración do Estado ou da Administración da Comunidade Autónoma do País Vasco ou das deputacións forais.

2. O secretario da Xunta Arbitral será designado, rotativamente e por períodos de tres anos, polo ministro de Facenda e Administracións Públicas e polo conselleiro de Facenda e Finanzas.

3. O secretario da Xunta Arbitral cesará no seu cargo por petición propia ou por decisión de quen o designase.

4. Corresponde ao secretario da Xunta Arbitral:

- a) Asistir ás reunións con voz pero sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións da Xunta Arbitral por orde do seu presidente, así como as citacións aos vogais.
- c) Recibir os actos de comunicación dos membros da Xunta Arbitral e, por tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos cales deba ter coñecemento.
- d) Preparar o despacho dos asuntos e redactar co visto e prace do presidente as actas das sesións.
- e) Expedir certificacións das resolucións adoptadas.
- f) Cantas se desprendan do establecido neste regulamento.»

Tres. Modifícase o artigo 10, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 10. *Formulación do conflito pola Administración do Estado.*

A Administración do Estado, a través da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, logo de comunicación á Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, poderá promover conflitos nos supostos seguintes:

- a) Cando, por aplicación das normas contidas no concerto económico, se considere competente en canto á xestión, liquidación, recadación, inspección ou revisión dun tributo respecto do cal estea exercendo ou exercese esas funcións algunha das deputacións forais do País Vasco.
- b) Cando, por aplicación das normas contidas no concerto económico, non se considere competente en canto á xestión, liquidación, recadación, inspección ou revisión dun tributo respecto do cal algunha das deputacións forais sosteña que si é competente a Administración do Estado en tales procedementos.
- c) Nos supostos de tributación conxunta polo imposto sobre sociedades ou polo imposto sobre o valor engadido, cando considere que a proporción correspondente a cada Administración non é a correcta.
- d) Cando, por aplicación das normas contidas no concerto económico, considere que un contribuínte ten o seu domicilio fiscal en territorio común ou en territorio foral e algunha das deputacións forais discrepe.
- e) Cando considere que, por aplicación dos puntos de conexión, lle corresponda a exacción dun determinado tributo declarado e, de ser o caso, ingresado polo contribuínte nalgunha das deputacións forais, ou respecto do cal estas se dirixisen a aquel para a súa declaración ou ingreso.»

Catro. Modifícase o artigo 11, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 11. *Formulación do conflito polas deputacións forais.*

As deputacións forais, logo de comunicación ao Departamento de Facenda e Finanzas do Goberno Vasco, poderán promover conflitos nos supostos seguintes:

- a) Cando, por aplicación das normas contidas no concerto económico, se consideren competentes en canto á xestión, liquidación, recadación, inspección ou revisión dun tributo respecto do cal estea exercendo ou exercese esas funcións a Administración do Estado ou a dunha comunidade autónoma.
- b) Cando, por aplicación das normas contidas no concerto económico, non se considere competente en canto á xestión, liquidación, recadación, inspección ou revisión dun tributo respecto do cal a Administración do Estado ou dunha comunidade autónoma sosteña que si é competente algunha das deputacións forais en tales procedementos.

c) Nos supostos de tributación conxunta polo imposto sobre sociedades ou polo imposto sobre o valor engadido, cando considere que a proporción correspondente a cada Administración non é a correcta.

d) Cando, por aplicación das normas contidas no concerto económico, considere que un contribuínte ten o seu domicilio fiscal en territorio foral ou en territorio común e a Administración do Estado ou dunha comunidade autónoma discrepe.

e) Cando considere que, por aplicación dos puntos de conexión, lle corresponde a exacción dun determinado tributo declarado e, de ser o caso, ingresado polo suxeito pasivo na Administración do Estado, ou respecto do cal esta se dirixise a aquel para a súa declaración ou ingreso.»

Cinco. Modifícase o artigo 13, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 13. *Procedemento que se debe seguir para o inicio dos conflitos que se susciten entre administracións tributarias.*

Nos conflitos que se susciten entre administracións tributarias seguirase na iniciación o procedemento seguinte:

1. Como requisito para a admisión do conflito será necesario que antes da súa formulación, a Administración tributaria que se considere competente lle requirise a inhibición a aquela que considere incompetente, reclamando así a súa competencia, e que esta última Administración rexeitase o requirimento e se ratificase na súa competencia expresa ou tacitamente.

O mencionado requirimento realizarase no prazo máximo de dous meses contado desde a data en que a Administración que se considere competente tivese coñecemento do acto ou actos que ao seu xuízo vulneren os puntos de conexión establecidos no concerto económico.

No escrito de requirimento especificaranse con claridade os actos obxecto de conflito, así como os fundamentos de dereito.

No caso de que ningunha Administración se considere competente, deberá terse producido a declaración de incompetencia dunha Administración a favor doutra e a decisión desta no sentido de inhibirse pola súa vez.

Enténdese que unha Administración tributaria se ratifica tacitamente na súa competencia cando non atenda o requirimento de inhibición no prazo dun mes desde a súa recepción. Así mesmo, entenderase que unha Administración tributaria non se considera competente cando non atenda a declaración de incompetencia da outra Administración.

Nas discrepancias suscitadas como consecuencia da domiciliación dos contribuíntes, transcorrido o prazo de catro meses a que se refire o número nove do artigo 43 do concerto económico sen que exista conformidade por parte de ambas as administracións, xa non será necesario efectuar o requirimento ou declaración de incompetencia a que se refire o primeiro parágrafo deste punto para poder promover o conflito.

2. Os conflitos promoveranse no prazo dun mes contado desde a ratificación expresa ou tácita a que se refire o número anterior, mediante escrito dirixido ao presidente da Xunta Arbitral en que se farán constar os seguintes aspectos, en relación co conflito:

- a) A Administración tributaria que o promove.
- b) A Administración tributaria contra a cal se promove.
- c) Todos os datos que permitan identificar o suposto concreto obxecto do conflito.
- d) Os antecedentes e razoamentos en que se fundamenta a reclamación de competencia ou, de ser o caso, a inhibición.

Ao escrito de formulación do conflito deberanse xuntar o requirimento á Administración tributaria contra a cal se promove o conflito, así como o de ratificación desta na súa competencia ou na súa inibição, ou ben, na súa falta, a acreditación do transcurso do prazo a que se refire o número anterior.

3. Nos supostos en que ningunha Administración se considere competente, se no prazo dun mes sinalado no número anterior ningunha das dúas administracións se dirixise á Xunta Arbitral para promover o conflito, bastará con que o obrigado tributario, dentro do mes seguinte, comunique esta circunstancia á Xunta para que o conflito se entenda automaticamente formulado.

No suposto do parágrafo anterior, a Xunta Arbitral poderase dirixir a calquera das dúas administracións e ao obrigado tributario para que acheguen todos os datos e documentos necesarios para a resolución do conflito.

Non obstante, o conflito non se tramitará se no prazo dos catro meses seguintes á comunicación do obrigado tributario unha das dúas administracións acepta a competencia.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de maio de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO